

ACTA Nº 41/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.
D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 21 de setembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 40/09, do 14/09/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- PROXECTOS DE EXECUCIÓN

2.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D^a. SOLEDAD PÉREZ DEL RÍO

Vista a solicitude de D^a SOLEDAD PEREZ DEL RÍO na que presenta proxecto de execución de rehabilitación de vivenda en planta primeira, en Calvar nº 69, visado o 24 de agosto de 2009, correspondente ao expediente nº 81/2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 21 de setembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 81/97 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 81/2009.**

2.B) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. ANDRÉS PENA GARCÍA

Vista a solicitude de D. ANDRÉS PENA GARCÍA na que presenta proxecto de execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, situado no lugar de Calvar, 92, Domaio, visado o 19 de agosto de 2009, correspondente ao expediente n° 68/2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 21 de setembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 68/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 68/2009.**

2.C) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE PLAN LOURIDO, S.L.

Vista a solicitude de D. CELSO PARADA FERNÁNDEZ en representación de PLAN DE LOURIDO, S.L. na que presenta proxecto de execución de construción dunha vivenda unifamiliar, situada na Xalde-San Martiño, visado o 21 de agosto de 2009, correspondente ao expediente n° 02/2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 21 de setembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 02/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 02/2009.**

3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

Visto o expediente instruído a instancia do interesado e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos

condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 143/09 – D^a. DOLORES JUNCAL FERNÁNDEZ presenta proxecto de acondicionamento de local para farmacia, sito na rúa Daniel Castelao nº 3, baixo, do barrio do Real-Tirán, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo Estudo de Arquitectura e Urbanismo Morrazo, S.L.P., sendo o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Rios, visado na data 25.06.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 12 de agosto de 2009, que literalmente di:

EXP. OBRAS:143/09

EXP. APERTURA:18/09

ASUNTO: LICENCIA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA FARMACIA.

INFORME: **Procede licenza** de obras e actividade destinada a farmacia de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúnio de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenza de obras sin o otorgamento da licenza de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e , ademais, licenza urbanística, serán obxero duna soa resolución, sin perxuício da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concurrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	807,74 €
Taxas licenza urbanística.....	72,12 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de

propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D^a MARIA DOLORES JUNCAL FERNÁNDEZ para a actividade de FARMACIA.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A FARMACIA. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.- LICENZA DE APERTURA

EXPTE. 26/09 – D.^a CONSUELO ROMERO PÉREZ, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 21 de agosto de 2009, licenza de apertura para establecer un local de CAFETERÍA na rúa Concepción Arenal, 15, baixo.

Visto o informe do aparelador municipal do 14 de setembro de 2009, que literalmente di:

LICENZA DE APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA SEN OBRAS.

ASUNTO: CAFETERÍA-HAMBURGUESERÍA

INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

Actividade proposta: establecemento de CAFETERÍA-HAMBURGUESERÍA. Uso comercial; compatible coa ordeación de usos prevista polo Documento de Revisión e Adaptación da Normas Subsidiaria Municipal de Planeamento, actualmente vixente.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 600 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **D.ª CONSUELO ROMERO PÉREZ** licenza para a implantación da actividade de CAFETERÍA-HAMBURGUESERÍA no local situado na rúa Concepción Arenal, 15, baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTE	Botas impermeables	MAIKEL & BEST – Israel Junca Barros 53.118.087 R	4520-22104 RC 1424	197,20€

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para ese gastos que se efectuou na partida reflectida na táboa,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

6.- LIQUIDACIÓN DE GASTOS GRUPOS POLÍTICOS

Vista a liquidación para gastos de funcionamento dos grupos políticos que compoñen a Corporación municipal, dos meses de xuño e xullo, presentado polo interventor accidental de data 24 de agosto de 2009:

Grupos políticos	Nº	Cota concelleiro	Cota partido	Total
		25,00 €	250,00 €	
PARTIDO POPULAR	7	175,00 €	250,00 €	850,00 €
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	6	150,00 €	250,00 €	800,00 €
PARTIDO SOCIALISTA GALEGO	3	75,00 €	250,00 €	650,00 €

INICIATIVA POLO MORRAZO	1	25,00 €	250,00 €	550,00 €
Total liquidación ...				2.850,00 €

Visto que no Regulamento orgánico municipal, no seu artigo 36, establece que *os grupos municipais percibirán unha axuda mensual para gastos de funcionamento resultante da suma dunha cantidade fixa de 250 euros por grupo máis 25 euros por concelleiro/a adscrito ao grupo,*

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectúo na partida 1110 48900,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a liquidación dos gastos de funcionamento dos grupos políticos dos meses de xuño e xullo, e recoñecer así a obriga por este concepto na contía de 2.850,00 euros con cargo á partida 1110 48900.

7.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA

D. RODRIGO CURRÁS TORRES expón, por escrito do 23 de abril de 2007, que finalizou o obxecto do contrato administrativo de consultoría e asistencia (entrega do proxecto básico e de execución de conservación e reforma do centro cultural Rosalía de Castro – Domaio), e que tras cobrar o prezo de dito contrato solicita a devolución da garantía constituída por importe de 451,91 euros.

Visto o informe da tesoureira municipal do día 16 de setembro de 2009, no que, unha vez acreditado o depósito da fianza na Tesourería, e dado o contido do informe favorable do arquitecto técnico do 22.05.07 para a súa devolución, **informa favorablemente** a devolución da fianza solicitada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e segundo o informe da tesoureira municipal, acorda aprobar a devolución da fianza de 451,91 euros a favor de D. RODRIGO CURRÁS TORRES.

8.- CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO ROSAL”.

Dáse conta da certificación nº 1 da obra “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO ROSAL” presentada pola empresa CONSTRUCTORA EDISERPO S.L., asinada polo director de obra D. José Luís Domínguez González, por importe de 3.451 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 2 da obra “Reforma do Pavillón Polideportivo de Reibón” de data 31 de agosto de 2009, por importe de 3.451 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 126/2009, de CONSTRUCTORA EDISERPO S.L., de data 31 de agosto de 2009, polo importe de 3.451 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.63201.

9.- CERTIFICACIÓN Nº 4 DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 4 da obra “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”, presentada pola empresa COVSA, CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., de data 28 de agosto de 2009, asinada polo director de obra D. José Manuel Carballo Moldes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 4 da obra “Humanización do Barrio do Real”, de data 28 de agosto de 2009, polo importe de 132.094,37 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 291081, do 28 de agosto de 2009, de COVSA, S.A. polo importe de 132.094,37 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61120.

10.- CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO MUNICIPAL DO ROSAL ÁS ABILLEIRAS”.

Dáse conta da certificación nº 2 liquidación da obra “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO MUNICIPAL DO ROSAL ÁS ABILLEIRAS”, presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, e que corresponde ao período entre o 01/02/09 e 17/06/09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 21 de setembro de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entenderse as obras efectivamente executadas.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 2 liquidación da obra “Pavimentación do Camiño Municipal do Rosal ás Abilleiras”, de data 17 de xuño de 2009, polo importe de 77.777,11 €.

Terceiro: Aprobar a factura nº 09/049, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. polo importe de 77.777,11 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.60111.

Cuarto: Remitirlle o acordo á Deputación de Pontevedra para a provisión de fondos.

11.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE D. JUAN LUIS GONZÁLEZ ROUCO.

D. Juan Luis González Rouco, por escrito con entrada no Concello o día 16 de abril de 2009, solicita a devolución de 180 euros por ter pagado por duplicado os dereitos de conexión á rede de sumidoiros, e achega copias dos recibos pagados e demais documentación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución por entender suficientemente acreditado no expediente a dobre imposición..

12.- CONTRATACIÓN DE DOUS MONITORES/AS DE XIMNASIA PARA A TERCEIRA IDADE

Por acordo da Xunta de Goberno do 10 de agosto de 2009 aprobáronse as BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS MONITORES DEPORTIVOS PARA O SERVIZO DE XIMNASIA DE MANTEMENTO DE PERSOAS MAIORES maila súa convocatoria, co calendario que nesas se contemplaba, tras levantar o reparo da intervención no referido á modalidade de contratación e a publicidade,

Dáse conta da acta das probas para a selección dos monitores da 3ª idade, así como a proposta de contratación do tribunal:

Acta nº 3

Sendo ás 15 horas do día 7 de Setembro 2009 reunense os membros do tribunal calificador dos aspirantes as probas para dúas prazas de monitores de Ximnasia para persoas maiores no Concello de Moaña.

Presidente: Carmen Perez Garcia

Vocais:

Elena Garcia Lorenzo

Angeles Cabeiro Dopico

Marta Santome Santiago

Eugenio Costa Diz

Secretario: Jose Rodriguez Veloso (Administrativo de Secretaria)

Tómase lista e comprobase a identidade de todo-los admitidos faltando

Iñaki Fernandez Penin

Lorena Lago Seijo

Procedese a realización da proba tipo test consistente en 20 preguntas con catro respostas alternativas das que so unha a verdadeira, durante quince minutos. A puntuación pode acadar como máximo tres puntos.

Seguidamente procedese a proba practica-escrita relacionada coas funcións a desenvolver no posto de traballo de monitor deportivo, durante trinta minutos e 10 minutos mais cada un para a súa lectura diante do tribunal. A puntuación acada como máximo tres puntos.

Rematadas as dúas probas levase a cabo a valoracións das mesmas, sendo o resultado o seguinte:

NOME	CURRICULO	TEST	P. PRACTICA	TOTAL
Del Rio Alfonso Javier	2,05 puntos	1,50	2,00	5,55
Fernandez Gil Beatriz	2,40 puntos	1,05	1,25	4,70
Garcia Ogando Ruben	2,07 puntos	1,35	2,50	5,92
Juncal Rios Luisa Tatiana	3,56 puntos	1,80	2,25	7,61
Pablo Gestido Costas	1,80 puntos	1,65	3,00	6,45
Lopez Paz Dominica	1,41 puntos	0	0,50	1,91

O tribunal outorga dous días para presentación de alegacións (8 e 9 de Setembro).

No caso de non presentarse alegacións propónse a contratación de TATIANA JUNCAL RIOS (xornada completa), PABLO GESTIDO COSTAS (media xornada) dada a súa e maior puntuación. Si se presentaran alegacións unha vez resoltas polo tribunal fariase a oportuna proposta de contratación

Rematase ás vinteun trinta horas, de todo o cal eu como Secretario dou fé

Transcorrido o prazo de reclamacións non se presentou ningunha, por iso propónse a contratación de D.^a TATIANA JUNCAL RIOS e de D. PABLO GESTIDO COSTAS

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Contratar a D.^a TATIANA JUNCAL RIOS, como monitora de ximnasia de 3^a idade, coa modalidade de “obra ou servizo determinado” a xornada completa, dende o 1 de outubro do 2009 a 26 de xullo do 2010, -os 26 últimos días serán de vacacións-. O seus haberes serán:

Salario.....	1.049,20 euros
p. puntualidade.....	30,57 euros
p.p.p. verán.....	90.84 euros

p.p.p. Nadal.....	90,84 euros
cese.....	28,26 euros
1% complemento....	10,29 euros

SEGUNDO: Contratar a D. PABLO GESTIDO COSTAS como monitor de ximnasia de 3ª idade, coa modalidade de “obra ou servizo determinado” a media xornada, dende o 1 de outubro de 2009 a 26 de xullo de 2010, -os 26 últimos días serán de vacacións . Os seus haberes serán:

Salario.....	524,60 euros
p. puntualidade.....	30,57 euros
p.p.p. verán.....	46,70 euros
p.p.p. Nadal.....	46,70 euros
cese.....	14,53 euros
1% complemento....	5,15 euros

13.- “ADXUDICACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO CUNCHAL.”

En xullo de 2009 elaborouse Proxecto básico e de execución para a obra “Pavimentación do Camiño do Cunchal” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, que conta cun importe de execución por contrata de CORENTA E TRES MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS IVE incluído (37.320,81 € + 5.971,33 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., recibíndose oferta da mesma de data 16 de setembro de 2009.

Á oferta presenta as seguintes condicións: EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.: Prezo: CORENTA E TRES MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS IVE incluído (37.320,81 € + 5.971,33 € de IVE).

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra .

Pola Intervención Municipal practicouse con data 21 de setembro do 2009 a oportuna Retención de crédito con cargo á partida 5110.60110 do vixente Orzamento municipal.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2007

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto da Obra “Pavimentación do Camiño do Cunchal” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, con cargo ao PPC-2009.

SEGUNDO.- Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Pavimentación do Camiño do Cunchal.”

TERCEIRO.- Adxudicar o CONTRATO MENOR da obra “Pavimentación do Camiño do Cunchal” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L. por un importe total de 43.292,14 euros, IVE incluído, conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de un mes.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 5110.60110 do Orzamento Municipal por importe de 43.292,14 euros.

QUINTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 1.866,04 Euros e se lle cite para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

14.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ALBARIÑOS.”

En xullo de 2009 elaborouse Proxecto básico e de execución para a obra “Pavimentación do Camiño de Albariños” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, que conta cun importe de execución por contrata de CINCUENTA E DOUS MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS IVE incluído (44.986,17 € + 7.197,79 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., recibíndose oferta da mesma de data 16 de setembro de 2009.

Á oferta presenta as seguintes condicións: EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.: Prezo: CINCUENTA E DOUS MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS, IVE incluído (44.986,17 € + 7.197,79 € de IVE).

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra .

Pola Intervención Municipal practicouse con data 21 de setembro do 2009 a oportuna Retención de crédito con cargo á partida 5110.60110 do vixente Orzamento municipal.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2007

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto da Obra “Pavimentación do Camiño de Albariños” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, con cargo ao PPC-2009.

SEGUNDO.- Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Pavimentación do Camiño de Albariños”.

TERCEIRO.- Adxudicar o CONTRATO MENOR da obra “Pavimentación do Camiño de Albariños” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L. por un importe total de 52.183,96 euros, IVE incluído, conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de un mes.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 5110.60110 do Orzamento Municipal por importe de 52.183,96 euros.

QUINTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 2.249,31 Euros e se lle cite para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

SEXTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

15.- DEMORA NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO SOCIOCULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

En data 26 de xaneiro de 2009 o Concello acordou adxudicar definitivamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” á empresa TECODE GALICIA S.A.L., polo prezo de CATROCIENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS VINTE EUROS (449.220,00 €), IVE incluído.

En data 11 de marzo de 2009 extendeuse acta de replanteo iniciándose a execución das obras.

Á vista do tempo transcorrido e atendendo ao prazo de execución das obras previsto no contrato, 6 meses a partir do da seguinte ao de subscrición da acta de comprobación do replanteo.

De conformidade co disposto nos artigos 196 e seguintes da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e cláusula 23 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- Requerir da empresa TECODE GALICIA S.A.L., adxudicataria da obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” para que proceda ao reinicio das obras con carácter inmediato, co apercibemento de que de non acometerse o requirido, o Concello, procederá ao inicio do expediente de resolución contractual por demora no prazo de execución dos traballos conforme ao prazo previsto no contrato.

16.- ADSCRIPCIÓN DO TRABALLADOR DESTE CONCELLO, D. TELESFORO ABAL JUNCAL, Á PRAZA DE OFICIAL 1ª MANTEMENTO EN CONCEPTO DE SEGUNDA ACTIVIDADE

En data 11 de xuño de 2008, D. Telesforo Abal Juncal, traballador deste Concello coma Oficial 1ª Carpinteiro, presenta escrito no Concello no que expón que con data de decembro de 2007, foi operado dunha hernia discal-cervical polo que non pode realizar actividades que requiran sobreesforzos físicos, posturas forzadas de cuello, carga e descarga de pesos polo que solicita o cambio de posto de traballo, segundo o informe que aporta da Mutua.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 2 de abril de 2009, á vista do informe de Secretaría secretario sobre a solicitude de segunda actividade formulada, no que conclúe que se deben cumprimentar os requisitos que figuran no convenio e que deberá habilitarse unha praza coas características reseñadas –similares retribucións, categoría..., mediante a oportuna modificación da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo existente, acordou aprobar a solicitude de D. Telesforo Abal Juncal, e habilitar unha praza de oficial 1ª mantemento para segunda actividade.

Visto que na plantilla de persoal e na relación de postos de traballo recentemente aprobadas polo Concello aparece habilitada a citada praza de oficial 1ª mantemento para segunda actividade.

A Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo artigo 66 bis do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Personal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo y Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado e artigo 33 do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Adscribir ao traballador deste Concello, D. Telesforo Abal Juncal, á praza de oficial 1ª mantemento en concepto de segunda actividade, coas funcións que se especifican no Catálogo de Postos de Traballo e cas mesmas retribucións e dereitos que ven disfrutando neste momento e establecendo coma lugar de traballo, a nave de servizos do Concello.

17.- MODIFICADO DA OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA”.

Visto o modificado da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia”, sen variación de custo, redactado por D. Juan Fernández Rivas de acordo co informe da asistencia técnica municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: Aprobar o modificado da obra “Reforma da paseo marítimo da Praia”
Segundo: Nomear director de obra a D. Gumersindo Ferro Pichel
Terceiro: Nomear coordinador de seguridade e saúde en fase de execución a D. Jose Buceta Amoedo.

18.- COOPERACIÓN LOCAL 2009: CONSERVACIÓN DE INSTALACIONES MUNICIPAIS

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de setembro de 2009, que textualmente di:

Á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido na resolución de concesión de subvención da obra ou servizo Conservación Instalacións Municipais, integrada nos programas de cooperación local do Concello de Moaña e do contido na Orde de 29 de decembro de 2009 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar as bases de selección e polo tanto poñer en marcha o procedemento de selección e posterior contratación dos traballadores que formarán parte de dito programa, aprobando os criterios e data de selección dos candidatos á contratación, a composición do tribunal cualificador e as condicións baixo as que se realizarán as contratacións.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

A) Aprobar os criterios de selección dos traballadores de entre os candidatos que serán enviados para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego, así como a composición do tribunal cualificador e a data de selección dos mesmos. Os criterios, datas de selección e composición do tribunal propostos son os seguintes:

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009 DO CONCELLO DE MOAÑA.

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de persoal que será contratado para a execución da obra ou servizo Conservación Instalacións Municipais, integrada nos programas de cooperación local entre a Consellería de Traballo e o Concello de Moaña correspondentes ao período 2009.

En todo caso a selección de traballadores realizarase de entre os candidatos que sexan remitidos para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego de Cangas, de acordo co recollido no artigo 12 da Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009.

Os postos de traballo a cubrir, o salario e duración do contrato son os seguintes:

Nº POSTOS	DENOMINACIÓN DOS POSTOS	SALARIO BRUTO	I x CESE FINAL	DURACIÓN CONTRATO
CONSERVACIÓN INSTALACIONES MUNICIPAIS (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).				
1	OFICIAL 1ª ALBANEL	1.402,42	737,76	8 meses
1	OFICIAL 1ª CARPINTEIRO	1.402,42	737,76	8 meses

2	PEÓN SERV. MULTIPLES	1.301,73	681,36	8 meses
---	----------------------	----------	--------	---------

Os candidatos que resulten seleccionados serán contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social, a tempo completo e para unha obra ou servizo determinado.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- a) Ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- b) Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- c) Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, durante os días 23 a 30 de setembro de 2009, de 8:00 a 14:00 horas.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaracións xuradas de cumpri-los requisitos sinalados na base segunda, apartado e) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditalo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.

- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral.

O requisito de ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas será comprobado polo Concello de Moaña mediante listado de candidatos para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningún candidato que non figure no citado listado.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: - María Torea Priegue.

Vogais: - José Paredes Paredes.
 - Ángeles Cabeiro Dopico.
 - Gloria Chapela Lemos.

Secretario: - O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

O tribunal poderá nomear un asesor, caso de consideralo preciso.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. Valoración de currículos, 40% da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.
 Por cada seis meses de traballo acreditado en posto igual ó que aspira.....0,2 puntos.
- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.
 Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta:
 - Ata 40 horas0,20 puntos.
 - De 41 a 100 horas.....0,40 puntos.
 - De 101 a 200 horas.....0,75 puntos.
 - Mais de 200 horas.....1,00 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

2. Exame tipo test, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará para cada posto sobre as materias que figuran como anexos a estas bases.

3. Proba práctica, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

A proba práctica versará sobre traballos a realizar, técnicas de traballo, maquinaria e ferramentas a utilizar por oficiais albaneis, carpinteiros e peóns de servizos múltiples da construción.

Mediante estas tres probas os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse os candidatos que maior puntuación acaden.

En caso de empate entre os candidatos, decidírase a selección outorgando preferencia os colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

1. Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia.
2. Menores de 30 anos, en especial, os demandantes de primeiro emprego, demandantes con mais de 6 meses en desemprego ou aqueles sen cualificación profesional.
3. Desempregados de longa duración.
4. Persoas discapacitadas. Sempre que a súa discapacidade no impida o desenvolvemento do traballo.
5. Desempregados maiores de 45 anos.
6. Persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios do RISGA e mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución.

SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

SETIMA: PRAZOS.

Presentación de documentación: Días 23 a 30 de setembro.

Listado admitidos e excluídos e valoración de currículos: Día 2 de outubro ás 17:00

Exames tipo test: Día 2 de outubro ás 17:00 no salón de plenos do Concello. A proba práctica realizarase ao finalizar o exame tipo test.

Publicación de resultados provisionais: Día 5 de outubro ás 9:00 horas.

Período de alegacións: Días 5 e 6 de outubro.

Publicación de resultados definitivos: Día 7 de outubro.

OITAVA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Legislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

B) Que o Concello de Moaña contrate ós candidatos seleccionados e propostos polo tribunal, de acordo cos seguintes custos de contratación:

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	p.p. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA S.S.	CUSTO MES	INDEM. x CESE
RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).									
OFICIAL 1ª ALBANEL	1.093,22	36,00	188,20	85,00	1.402,42	1.317,42	501,94	1.904,36	737,76
OFICIAL 1ª CARPINTEIRO	1.093,22	36,00	188,20	85,00	1.402,42	1.317,42	501,94	1.904,36	737,76
PEÓN SERV. MULTIPLES	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	463,57	1.765,30	681,36

ANEXO

MATERIAS OFICIAL 1ª ALBANEL

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en albanelería.

Tema 3.- Principais técnicas de traballo en albanelería.

Tema 4.- Maquinaria utilizada en traballos de albanelería.

Tema 5.- Ferramentas utilizadas en traballos de albanelería.

Tema 6.- Distintos materiais utilizados e as súas características.

MATERIAS OFICIAL 1ª CARPINTEIRO

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en carpintería.

- Tema 3.- Principais técnicas de traballo en carpintería
- Tema 4.- Maquinaria utilizada en traballos de carpintería
- Tema 5.- Ferramentas utilizadas en traballos de carpintería.
- Tema 6.- Tipos de madeira e materiais utilizados. Características.

MATERIAS PEÓN DE SERVIZOS MULTIPLES

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en construción.
- Tema 3.- Maquinaria utilizada en traballos de construción.
- Tema 4.- Ferramentas utilizadas en traballos de construción.
- Tema 5.- Principais materiais utilizados en construción.

Visto o informe do secretario municipal do 21 de setembro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda: aprobar as bases de selección do persoal do programa de Cooperación Local 2009, servizo CONSERVACIÓN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS e iniciar o procedemento para a selección de 1 oficial de primeira albanel, 1 como oficial de primeira carpinteiro e 2 peóns de servizos múltiples, cuxos custes de contratación por oito meses recóllense na proposta.

19.- MOBILIDADE

19.A) Visto o informe do xefe da Policía local do 3 de setembro de 2009, emitido pola petición de D. José Rodríguez Fernández dun sinal de camiño sen saída en Lago de Abelendo, que di que *efectivamente é un camiño sen saída, non obstante observouse a non necesariedade de dito sinal xa que se entende que ao camiño só acceden os veciños do lugar e non existe ningún problema de circulación neste,*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a solicitude segundo o informe do xefe da Policía local.

19.B) Visto o informe do Xefe da Policía Local do 18 de agosto de 2009 e a proposta da Concelleira de Mobilidade en relación co estacionamento de vehículos no camiño que vai dende a PO-551 ata o camiño vello,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación dun sinal de prohibido estacionar no sitio indicado.

20.- TERRAZAS

O representante da Pastelería D'Carla expón, por escrito do 21 de agosto de 2009, que ten intención de instalar unha terraza no fronte do negocio, no adro da peregrina counha ocupación de 40 m2 e solicita autorización e que se valore a posibilidade de reducir a taxa de acordo coa ordenanza por nova instalación e a compra do mobiliario. Achega copia das facturas e liquidación das taxas –en tarifa xeral- pola instalación da terraza.

Visto o informe do xefe da Policía local no que achega fotografía da terraza,

Visto que se cumpre o disposto no artigo 11º da *Ordenanza xeral reguladora da ocupación temporal de terreos de uso público municipal con mesas, cadeira, taboados e outros elementos análogos*, condición necesaria para poder aplicárselle a tarifa reducida -nun único exercicio impositivo-, segundo recolle o artigo 5 da *Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa*,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude da instalación da terraza de Pastelería D'Carla, na rúa Baixada ó Cocho, 214, baixo, cunha superficie de 40 m2, e aplicarlle a tarifa reducida de 12 €/m2/ano neste exercicio impositivo por ter realizado un investimento superior a 1.200 euros.

21.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relaciona a continuación:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JOSE NOGUEIRA CURAS	Auga, uso doméstico	Travesía Martinga, 2 – 1º	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia Arq. tec. municipal.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.